OPCIÓN B)

I. ORIENTACIÓN

Exercicio 1

Kevin Fernández, alumno de 3º ESO A do IES Ferrol (A Coruña), durante o presente curso escolar cometeu reiteradas faltas de conduta leves, contrarias ás normas sobre convivencia nos centros docentes. Asiste ao centro sen o material para participar activamente no desenvolvemento das clases, desafía á autoridade do profesorado e realiza actos inxustificados que perturban o normal desenvolvemento das actividades do centro, entre outras. O luns 8 de maio quitoulle a merenda no patio a Raúl Rivas, alumno magrebí de recente incorporación ao centro educativo, argumentando que os musulmáns non poden comer durante o día, dándolle un golpe no ollo, o que lle produciu unha inflamación case instantánea nas pálpebras e un negrón posterior. Tivo que intervir un profesor de garda.

As ditas condutas están tipificadas como gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, pois se trata dunha agresión física e, ademais, unha discriminación por razón de raza ou relixión.

A directora decidiu abrir expediente corrector común ao alumno, adoptando como medidas provisionais a suspensión do dereito de asistencia a clases, por un período de dous días lectivos. A tramitación do expediente polo procedemento corrector conciliado non se produciu xa que a conduta presentaba unha especial e notoria gravidade. A profesora Nerea Iglesias foi nomeada instrutora do expediente corrector. O mesmo día da incoación do procedemento sancionador, Nerea dirixiuse ao Departamento de Orientación, ao que pertence a profesora de FOL Marta Martínez, a cal posúe un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa, amais de experiencia e formación en materia de convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. Entre as funcións do departamento de Orientación, ao que pertence Marta, está a de asesorar e colaborar ante problemas que afecten á convivencia do centro. Nerea necesita asesoramento sobre o devandito procedemento.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,10	Que normativa regula as normas de convivencia dos centros educativos? Que medidas complementarias elaborará e desenvolverá o departamento de orientación?
2	0,20	Que funcións ten a instrutora para dar unha resolución ao procedemento?
3	0,10	De canto tempo dispón Marta para resolver e presentar a proposta de resolución?
4	0,40	Que medidas pode propoñer a instrutora diante dun expediente sancionador común corrector?

5	0,10	A instrutora, pode propoñer á dirección do centro que o alumno non participe nas actividades complementarias e/ou extraescolares?
6	0,10	Unha vez presentada a proposta de resolución e aceptada pola dirección, pode a familia presentar algún tipo de reclamación? En caso afirmativo, ante que órgano?

Exercicio 2

Sinale os elementos mínimos dun proxecto emprendedor establecido para alcanzar os obxectivos do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora dos ciclos formativos LOE da CCAA de Galicia.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,5	Indique os elementos mínimos que deberá incluír un proxecto emprendedor para o módulo de EIE, establecido nos currículos LOE da Comunidade Autónoma de Galicia.

II. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Exercicio 1

Na avaliación de riscos dunha industria tomáronse as seguintes mostras ambientais en 2 postos de traballo.

- Posto 1: Existe exposición a tolueno. Durante a xornada laboral (s8,5 horas) desenvólvense tarefas que comportan distintos niveis de concentración ambiental obtidos tras a mostraxe do tempo total de exposición:

TAREFAS	TEMPO REAL EXPOSICIÓN (min.)	CONCENTRACIÓN TOLUENO (ppm)
Preparación reactivos	60	185
Tintura	300	190
Traballos auxiliares	90	170
Outras Tarefas	60	160

Valores Límite Ambientais 2023

VLA-ED®		VLA-EC®	
50 ppm	192 mg/m3	100 ppm	384 mg/m3

- Posto 2: Tomouse unha mostra ambiental que contén 4 ppm de tetracloruro de carbono (TLV-TWA=5ppm), e 1ppm de óxido de etileno (TLV-TWA=1ppm) e 1ppm de dicloroetano (TLV-TWA=2ppm) .

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,25	Posto 1. Calcule a concentración media ponderada durante a xornada laboral desta persoa traballadora xustificando a resposta.
2	0,25	Posto 1. Indique se o valor da concentración media ponderada é admisible desde o punto de vista do hixienista xustificando a resposta.
3	0,50	Posto 1. Calcule o caudal de ventilación necesario para diluír a concentración de vapor do

		tolueno no interior do local de traballo durante unha xornada de 8h evaporándose a razón de 0,8 litros por hora, e tendo en conta que o valor do TLV do tolueno é de 20ppm, a súa densidade é de 0,87 litros, a súa masa molecular é 92,13 e o coeficiente de seguridade é de 1.
4	0,5	Posto 2. Determine se existe risco hixiénico xustificando a resposta.

Exercicio 2

Marcos traballa nunha empresa de transporte conducindo unha carretilla elevadora durante catro horas, das oito que ten a súa xornada. A responsable de prevención da súa empresa, Cristina, está preocupada pola exposición a vibracións. Tendo en conta os seguintes datos de aceleracións eficaces ponderadas en cada eixo aos que está sometido Marcos, valora o seu nivel de risco:

Ax = 0,6 m/s^2
Ay = 0,7 m/s^2
Az = 1,3 m/s^2

N.º	Puntos	Pregunta
1	0,70	Calcule e valore a exposición a vibracións.
2	0,30	Indique as medidas a adoptar diante da situación descrita.

III. DEREITO DO TRABALLO

Exercicio 1

Diego Domínguez, traballador do grupo 7 de cotización, presta os seus servizos na empresa CostaFOL S.L todos os martes, mércores e venres a razón de 8 horas ao día. A xornada habitual da empresa é de 8 horas ao día de luns a venres.

Para os efectos de elaborar o recibo de salarios do mes de marzo débese ter en conta o seguinte:

- Salario base traballador a tempo completo: 1.300€/mes
- Horas complementarias (7 horas): 70€
- Horas extraordinarias de forza maior (5 horas): 50€
- Vale comedor: valor 14€/día de uso. Utilizouse todos os días do traballo do mes.
- Ten dereito a dúas pagas extraordinarias de salario base, de devindicación anual e a aboar nas nóminas de xullo e decembro.
- A retención de IRPF é do 2%, o seu contrato é indefinido e a tempo parcial.
- A cotización segundo tarifas de primas de accidentes é o 1,5%

Marzo 2023

L	M	M	J	V	S	D
		1	2	3	**4**	**5**
6	7	8	9	10	**11**	**12**
13	14	15	16	17	**18**	**19**
20	21	22	23	24	**25**	**26**
27	28	29	30	31		

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,25	Que é e en que consiste o MEI?
2	2,00	Elabore o recibo de salario do mes de marzo, incluíndo as bases mínimas do mes. Canto lle custa á empresa o traballador este mes?

IV. SEGURIDADE SOCIAL

Exercicio 1

Un traballador, afiliado e en alta no réxime xeral da Seguridade Social, atópase en situación de incapacidade temporal derivada de enfermidade común desde o 15/10/2022.

O Equipo de Valoración de Incapacidades informa da procedencia da declaración dunha gran invalidez do traballador o día 01/04/2023. Verifícase mediante resolución do director provincial do INSS o 23/05/2023.

O traballador ten 19 anos na data do feito causante, é solteiro e cotiza polo grupo de cotización 2 na Seguridade Social por traballar como axudante titulado. Cotizou un total de 12 meses durante a súa vida laboral que coinciden cos últimos 12 meses ata o feito causante. Durante estes 12 meses a súa base de cotización mensual foi de 1.650 euros.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,30	Explique se o traballador cumpre os requisitos para percibir a prestación de gran invalidez.
2	1,05	Calcule o importe da prestación.
3	0,15	Explique en que data se entende producido o feito causante e a partir de que data se fixan os efectos económicos.

V. ECONOMÍA E EMPRESA

Exercicio 1

Un/unha alumno/a atopa un artigo sobre o estudo do mercado de traballo e pregunta ao docente cal é o significado da frase "a demanda de traballo é unha demanda derivada e decrecente". Para explicarlle o seu significado decide expor o seguinte exercicio.

Unha empresa paga a cada persoa traballadora que contrata un soldo de 36 € ao día e obtén a produción total diaria que se indica na táboa B, que se achega, segundo o número de traballadoras/es empregadas/os.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,25	Complete a táboa B tendo en conta que o prezo de venda do ben é de 6€/unidade.

2	0,25	Comente a variación experimentada polos custos e ingresos cando a persoa empresaria pasa de contratar 2 persoas traballadoras a contratar 3 persoas.
3	0,25	Explique a cantas persoas contratará a empresa tendo en conta a produtividade marxinal.
4	0,25	Explique cantas persoas traballadoras estaría disposta a contratar a persoa empresaria se o salario fose de 39€.
5	0,25	Represente a curva de demanda de traballo coa información obtida e explique a frase "a demanda de traballo é unha demanda derivada e decrecente"

Táboa B) -á que se fai referencia na pregunta 1 deste exercicio-				
Nº de traballadoras/es	Salario	Produción total diaria	Produtividade marxinal	Valor da produtividade marxinal
1	36	20		
2	36	32		
3	36	38		
4	36	42		
5	36	44		

Exercicio 2

Dada a seguinte información relativa aos datos macroeconómicos dun país nun ano:

- Consumo público: 4.500 u.m.
- Investimento: 8.500 u.m.
- Impostos sobre a produción e importación: 3.977 u.m.
- Amortización: 0 u.m
- Importacións de bens e servizos: 7.329 u.m.
- Rendas dos residentes non nacionais: 2.000 u.m.
- Consumo privado: 47.289 u.m.
- Número de habitantes: 70
- Rendas dos nacionais non residentes: 4.000 u.m.
- Exportacións de bens e servizos: 6.720 u.m.
- Impostos directos: 968 u.m.

Nº	Puntos	Pregunta
1	1	Calcule as seguintes magnitudes: Saldo exterior neto, Produto interior bruto, Produto nacional bruto, Renda nacional, Renda nacional *per cápita*, Renda persoal e Renda persoal dispoñible.